

## XEFATURA DO ESTADO

**16484** *REAL DECRETO LEI 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.* («BOE» 248, do 14-10-2008.)

Como consecuencia dos acontecementos iniciados en Estados Unidos en agosto de 2007, as principais economías desenvolvidas están a experimentar unha grave crise financeira. Unha das súas consecuencias máis destacables foi a diminución intensa da capacidade das entidades financeiras para captaren recursos nos mercados de capitais. A incerteza sobre os riscos de crédito e contrapartida distorsionou o bo funcionamento dos mercados, dificultando a captación de recursos por parte das entidades financeiras e, en último termo, o financiamento a empresas e familias.

Neste contexto, as entidades de crédito españolas teñen unha posición sólida, grazas á súa elevada solvencia, á súa ampla base de depósitos e á supervisión do Banco de España. En todo caso, as restricións no acceso ao financiamento merecen unha especial atención, dada a importancia do crédito tanto para a evolución da actividade económica a curto prazo coma para o potencial de crecemento no medio e longo prazo.

Ante as circunstancias extraordinarias que se están a producir nos mercados, o Goberno decidiu pór en marcha unha medida que impulse o financiamento a empresas e a cidadáns por parte das entidades financeiras. A decisión enmárcase nas liñas de actuación establecidas polo Consello de Ministros de Economía e Finanzas da Unión Europea, dada a importancia que o Goberno concede á coordinación destas políticas entre os Estados membros. Así, trátase dunha decisión oportuna neste momento, e ten un carácter temporal, producíndose a súa extinción de forma natural a medida que se normalicen os mercados. Ademais, trátase dunha medida que atende aos intereses dos contribuíntes, dado que se financiará con débeda pública e investirá en activos de máxima calidade con remuneración superior, facendo posible que non se produza un custo neto para as arcas públicas. Ademais, o deseño da medida responde ás normas do Mercado Interior Europeo, garantindo que todas as entidades acceden ao mecanismo nas mesmas condicións.

A devandita medida, que se adopta coa aprobación desta norma, consiste na creación dun Fondo adscrito ao Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado de Economía, con cargo ao Tesouro, que contará cunha achega inicial de trinta mil millóns de euros ampliables ata cincuenta mil millóns de euros. Este fondo adquirirá das entidades financeiras, con carácter voluntario por parte destas e con criterios de mercado, activos españois de máxima calidade. Para garantir que, a través delas, e cun horizonte temporal suficiente, o financiamento chegue a empresas e cidadáns, o Fondo primará a adquisición de activos avalados por novo crédito, entendendo como tal o outorgado con posterioridade ao 7 de outubro de 2008.

Para a realización das súas operacións, o Fondo recorrerá a procedementos competitivos para a selección de activos e realizará adquisicións de acordo cos mecanismos habituais nos mercados financeiros.

Para a súa dotación neste exercicio, este real decreto lei prevé a concesión dun crédito extraordinario por importe de 10.000 millóns de euros, ampliable ata un importe de 30.000 millóns de euros. Ademais, no proceso de tramitación nas Cortes Xerais do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2009, requirirase habilitar os créditos necesarios para completar o finan-

ciamento da dotación máxima do Fondo prevista neste real decreto lei.

Desde o punto de vista da súa administración, xestión e dirección, corresponderalle ao Ministerio de Economía e Facenda a través dun Consello Reitor e da súa Comisión Executiva. Ademais, a Comisión Executiva contará co asesoramento técnico que considere oportuno; e en particular, o do Banco de España e o da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Dado que se trata de recursos públicos, o Fondo está suxeito a un estrito control. Por unha parte, da Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da auditoría pública, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. E por outra parte, ao control parlamentario, que se realizará mediante os correspondentes informes cuatrimestrais sobre a xestión do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros que desde o Ministerio de Economía e Facenda se remitirán á Comisión de Economía do Congreso dos Deputados.

A urxencia da aprobación desta norma deriva da situación actual dos mercados, nos cales se observa unha intensa diminución da capacidade das entidades financeiras para captar recursos nos mercados de capitais. A restrición actual do financiamento a empresas e familias determina a necesidade de adoptar de xeito urxente a medida que se aproba por medio desta norma para o axeitado desenvolvemento da actividade económica.

En virtude da urxencia da adopción das medidas, para permitir a súa inmediata efectividade, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de outubro de 2008,

### DISPÓN O :

*Artigo 1. Constitución e réxime xurídico do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.*

1. Créase o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, adscrito ao Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado de Economía, coa finalidade de apoiar a oferta de crédito á actividade produtiva de empresas e aos particulares mediante a adquisición de activos financeiros, na forma e condicións que determina este real decreto lei.

2. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control deste fondo será o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente desde os orzamentos xerais do Estado, mencionados no artigo 2.2 da devandita lei.

3. O Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros non terá a consideración de sector público para os efectos previstos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

*Artigo 2. Financiamento do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.*

1. O Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros dotarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado, por un importe de 30.000 millóns €, ampliable ata un máximo de 50.000 millóns €.

2. Para tal fin, mediante este real decreto lei, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 15, Ministerio de Economía e Facenda, servizo 16, Secretaría de Estado de Economía, programa

M931 M «Previsión e Política Económica», concepto 879 «Achea ao Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros», por importe de 10.000 millóns €. O devandito crédito terá carácter ampliable ata un importe de 30.000 millóns €, para o exercicio 2008.

O crédito extraordinario que se concede no punto anterior financiarase con débeda pública.

3. Os rendementos de calquera natureza que xeren a conta do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros e os activos financeiros en que se materializasen as dotacións do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros poderanse integrar nas dotacións do Fondo, salvo que se acorde a súa repartición ao Tesouro Público por parte do Consello Reitor.

4. Poderanse atender con cargo ás dotacións do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros os gastos que ocasione a súa xestión.

### Artigo 3. *Órganos de goberno.*

1. A administración, xestión e dirección do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros corresponderá ao Ministerio de Economía e Facenda a través dun Consello Reitor e da súa Comisión Executiva.

2. O Consello Reitor estará presidido polo ministro de Economía e Facenda. Estará composto, ademais, polo secretario de Estado de Economía, o secretario de Estado de Facenda e Orzamentos, o presidente do Instituto de Crédito Oficial, o avogado xeral do Estado e o interventor xeral do Estado.

3. O Consello Reitor terá as seguintes funcións:

1) Establecer as directrices de investimento do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

2) Efectuar o seguimento e a avaliación da actividade do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

3) Decidir a aplicación dos rendementos dos activos do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, así como o produto dos seus vencementos ou vendas.

4) Aprobar os orzamentos de explotación e capital, así como aquelas actuacións que deriven do establecido na Lei 47/2003, do 26 novembro, xeral orzamentaria.

5) Aprobar o informe cuatrimestral sobre a xestión do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

4. Actuará como secretario do Consello, con voz pero sen voto, o titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

5. A Comisión Executiva, que dependerá do Consello Reitor, será presidida polo secretario de Estado de Economía e terá a composición que acorde o Consello Reitor.

Á Comisión Executiva corresponderanlle as seguintes funcións:

1) Realizar as operacións de adquisición, alleamento, disposición e xestión dos activos financeiros do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, de acordo coas directrices establecidas polo citado consello.

2) Elaborar a proposta dos orzamentos de explotación e capital.

3) Elaborar o informe cuatrimestral sobre a xestión do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

6. Co obxecto de valorar as propostas e demais decisións que sexan da súa competencia, a Comisión Executiva contará co asesoramento técnico que considere oportuno; e, en particular, o do Banco de España e o da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. O réxime xurídico de actuación do Consello Reitor e da Comisión Executiva axustarase ao disposto no

capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Artigo 4. *Activos do Fondo.*

1. Para fomentar o financiamento a empresas e particulares residentes en España, o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros investirá en instrumentos financeiros emitidos por entidades de crédito e fondos de titulización, avalados por créditos concedidos a particulares, empresas e entidades non financeiras.

2. Para a realización das súas operacións, o Fondo convocará procedementos de selección de activos ou realizará adquisicións de acordo cos mecanismos habituais nos mercados financeiros.

3. Os instrumentos financeiros en que investirá o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros serán de máxima calidade e serán determinados pola Comisión Executiva de acordo cos criterios que fixe o Consello Reitor e atendendo, en todo caso, aos principios de obxectividade, seguranza, transparencia, eficiencia, rendibilidade e diversificación.

4. Os desinvestimentos que realice o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros axustaranse aos mesmos principios e criterios.

5. O Banco de España instrumentará as operacións financeiras do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, e actuará como axente e banco depositario.

### Artigo 5. *Control da Intervención Xeral da Administración do Estado.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado controlará o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros a través da auditoría pública, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

### Artigo 6. *Control parlamentario.*

O Ministerio de Economía e Facenda remitirá á Comisión de Economía do Congreso dos Deputados un informe cuatrimestral sobre a xestión do Fondo para adquisición de activos financeiros.

### Disposición adicional primeira. *Actuacións instrumentais.*

O Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros poderá realizar cantas actuacións instrumentais sexan necesarias para o cumprimento das súas funcións, e poderá ter a condición de membro de calquera mercado ou sistema multilateral de negociación.

### Disposición adicional segunda. *Réxime fiscal.*

Para os efectos fiscais, o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros terá a mesma consideración e tratamento que o Estado.

### Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de medios.*

Para a posta en marcha e funcionamento do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros será dotado de cantos medios materiais e persoais sexan necesarios.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.*

O Consello de Ministros, atendendo ás circunstancias económicas e logo de informe da Comisión Delegada de Asuntos Económicos, poderá acordar a extinción e liquidación do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2008

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**16485** *REAL DECRETO LEI 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro. («BOE» 248, do 14-10-2008.)*

Para faceren fronte aos efectos da crise financeira internacional, os gobernos europeos, e en particular o Goberno español, viñeron adoptando un conxunto de medidas excepcionais. En concreto, o Consello de Ministros de Economía e Finanzas da Unión Europea do día 7 de outubro asumiu o compromiso de adoptar todas as medidas que foren necesarias para preservar a estabilidade do sistema financeiro, e acordou as liñas xerais de actuación coordinada entre os Estados membros. As devanditas medidas débense axustar aos principios de intervención oportuna e limitada no tempo, protección dos intereses dos contribuíntes e respecto ás regras do mercado interior europeo. O obxectivo último destas orientacións é permitir que os fluxos de crédito poidan chegar con normalidade a familias e empresas, de forma que as decisións de consumo, aforro e investimento poidan ter lugar nun ámbito adecuado.

Neste contexto, o Goberno adoptou medidas encamiñadas a impulsar o financiamento a empresas e cidadáns por parte das entidades de crédito, unindo, ás medidas previamente adoptadas, a aprobación, o pasado 10 de outubro, dun real decreto lei polo que se aproba a creación do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros, e dun real decreto que reforza a protección dos depositantes e investidores nas nosas entidades de crédito e empresas de servizos de investimentos.

A situación dos mercados nos últimos días e o risco que implica para a estabilidade do sistema financeiro internacional fan necesaria unha resposta adicional, decidida e coordinada por parte dos gobernos europeos.

Así, os xefes de Estado e de Goberno da área euro, na súa reunión do pasado 12 de outubro, insistiron na relevancia de abordar os persistentes problemas de

financiamento bancario que se están a observar e os seus efectos sobre a economía real. Neste sentido decidiron, en liña coas conclusións do Ecofin do 7 de outubro, comprometerse a actuar de forma coordinada co Banco Central Europeo cos seguintes obxectivos: asegurar condicións de liquidez apropiadas para o funcionamento das institucións financeiras; facilitar acceso ao financiamento por parte das institucións financeiras; establecer mecanismos que permitan, de ser o caso, prover recursos de capital adicional ás entidades financeiras que aseguren o funcionamento da economía; asegurar que a normativa contable é suficientemente flexible para tomar en consideración as excepcionais circunstancias actuais dos mercados; e reforzar e mellorar os mecanismos de coordinación entre os países europeos.

Para atender a estes obxectivos acordouse que os gobernos faciliten por un período de tempo limitado ata o 31 de decembro de 2009, directa ou indirectamente e en condicións de mercado, avais, seguros ou instrumentos similares que permitan garantir as novas emisións de débeda bancaria a medio prazo. Ademais, os gobernos comprometéronse a garantir a liquidez das institucións financeiras, a reforzar a súa estrutura de capital alí onde sexa necesario e a facilitar o financiamento do sistema financeiro no medio prazo.

Este real decreto lei aproba o mecanismo que pon en marcha o disposto no acordo europeo citado, tendo en conta as circunstancias do sistema financeiro español e as medidas xa aprobadas nesta dirección o pasado 10 de outubro.

En primeiro lugar, para restablecer a confianza e o bo funcionamento do mercado de financiamento das entidades de crédito, este real decreto lei autoriza o outorgamento de avais do Estado ás operacións de financiamento novas que realicen as entidades de crédito residentes en España. Para iso, establécese que durante o ano 2008 se poderán conceder avais ata un importe máximo de 100.000 millóns de euros, considerándose incrementado na devandita contía o límite establecido no artigo 54 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008; e no proceso de tramitación nas Cortes Xerais da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, será necesario establecer un incremento do límite de avais que permita aplicar as medidas previstas neste real decreto lei. Ademais, en segundo lugar, autorízase con carácter excepcional a adquisición de títulos aptos para o reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

A urxencia da aprobación desta norma deriva da situación dos mercados nos últimos días e do risco que implica para a estabilidade do sistema financeiro internacional, que fixeron necesaria unha resposta adicional, decidida e coordinada por parte dos gobernos europeos, que se debe trasladar inmediatamente ao ordenamento xurídico español.

En virtude da urxencia da adopción das medidas, para permitir a súa inmediata efectividade, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, por suplencia do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión extraordinaria do día 13 de outubro de 2008,

DISPONGO:

Artigo 1. *Autorización para o outorgamento de avais a operacións de financiamento.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto autorizar o outorgamento de avais do Estado ás operacións de